

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0381	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA SALOMÉ FREITAS JUVINO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## **2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

O longo destes bloques temáticos procederemos o estudo de distintos aspectos que teñen incidencia e serán de utilidade para o alumno que no futuro faga uso da súa iniciativa emprendedora e proceda a creación do seu propio negocio ou empresa. Por iso e necesario que conte cunha formación empresarial que lle facilite o éxito. O tipo de negocio que se sole crear na nosa zona está constituído fundamentalmente por microempresas de carácter normalmente familiar. Faráse incidencia nas exposicións en clase desta característica.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora.	A empresa. O espírito emprendedor. O plan de recursos humanos.A ida de negocio.	3	10
2	Empresa e contorno.	A localización empresarial. O entorno. A cultura empresarial. A responsabilidade social corporativa. Clases de empresas. Localización Requisitos da persoa empresariaO plan de produción. O aprovisionamento, Valoración de existencias. Procesos básicos. O marketing. Investigacións de mercado.	10	30
3	Creación e posta en marcha.Valoración da IDEA. O plan de empresa.	Valoración da IDEA. Estudo do Plan de empresa .Formas xurídicas. Responsabilidade legal do empresario. Proceso de constitución ,legalización e posta en marcha. Vías de asesoramento. Axudas e subvencións. Plan de empresa.	25	30
4	Función administrativa: Investimento e financiación. Nocións básicas de contabilidade e fiscalidade.	Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento. Nocións básicas de contabilidade e fiscalidade, Plan financeiro. Documentos administrativos e de pagamento. Coidado na elaboración da documentación administrativo - financeira.	25	30

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora.	3

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da informática e as comunicacións.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da informática e as comunicacións, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de administración de sistemas informáticos (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da informática e as comunicacións.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da informática e as comunicacións.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Empresa e contorno.	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o seu ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do ámbito xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do ámbito específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do ámbito xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa informática e as comunicacións e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de informática e comunicacións, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de informática e comunicacións, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do ámbito xeral dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do ámbito específico dunha pequena ou mediana empresa de informática e comunicacións: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



**Contidos**

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Creación e posta en marcha. Valoración da IDEA. O plan de empresa.	25

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da informática e as comunicacións.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de informática e comunicacións tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de informática e comunicacións.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Función administrativa: Investimento e financiación. Nocións básicas de contabilidade e fiscalidade.	25

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa informática e as comunicacións, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (I
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da informática e as comunicacións.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de informática e comunicacións: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os obxetivos deste módulo están desenrolados en cada unidade didáctica e consideráanse o mínimo que o alumno debe saber e interiorizar para superar o módulo. Son os relacionados a continuación e que o alumno demostrará acadar o definir, describir, relacionar, clasificar, calcular e resolver, segundo o caso, cuestións teóricas e prácticas sobre :

- Contabilidade, Rexistro Mercantil e fontes financeiras da empresa.
- Proxecto empresarial.
- Perfil do emprendedor.
- Formas xurídicas e a súa constitución, legalización, réximen legal, responsabilidades, encadramento na Seguridade Social, réximen fiscal.
- Localización física.
- Trámites administrativos e requisitos formais de constitución e legalización.
- Formas de financiamento.
- Documentación mercantil.
- Obrigas mercantís, fiscais e laborais.

Para conquistar ditos obxetivos o sistema de avaliación será contínuo. Establecidos os obxetivos didácticos vámonos a fixar nos criterios de cualificación

Para calificar positivamente a adquisición dos mínimos terase en conta si o alumno é capaz de :

- Recoñecer ou identificar o conxunto de accións ordeadas que compoñen o procedemento.
- Sabelo aplicar a situacións concretas.
- Xeneralizalo a outros contextos.
- Saber elixir o procedemento adecuado para resolver un determinado problema ou cuestión.
- Grao de autonomía e automatismo alcanzado no manexo do procedemento.

Para avaliar e calificar usaránse técnicas variadas. Algunhas delas, son:

- Observación do traballo do alumno.
- Autoavaliación da interiorización dos distintos conceptos do curriculum.
- Revisión de actividades encomendadas individuais ou grupais.

-- Probas orais.

-- Probas específicas de avaliación: probas obxetivas que poderán consistir, ben por separado ou ben en miscelánea, no seguinte:

-- Probas obxetivas comentadas para ver o grao de comprensión.

-- Probas de definición de conceptos, para determinar os posibles erros de concepto e observar se organiza e expresa as ideas con propiedade e precisión, de forma oral e escrita..

-- Cuestións baseadas no estudo de casos : os alumnos han de mostrar comprensión dos conceptos apropiados e a súa capacidade para aplicalos a novos casos e exemplos.

--Cuestións de exposición temática para que mostren os seus coñecementos , capacidade de organización e exposición.

Para comprobar este nivel mínimo de coñecementos alcanzados durante todo o proceso de aprendizaxe , aplicarase un sistema de avaliación que permita graduar o dominio dos mesmos o inicio, durante, e o final do proceso instructivo.

A consecución dos obxetivos mínimos valorarase a través de probas obxetivas, con cuestións longas/curtas e resolución de supostos prácticos, segundo o caso ,aplicando, en todo momento e suposto , se e o caso , a lexislación vixente.

O proceso para acadar a avaliación positiva concrétase nos Criterios de Avaliación e Mínimos esixidos reflexados nos apartados anteriores.

Os alumnos han de ser avaliados conforme ao programa proposto para a consecución dos obxetivos esixibles.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O procedemento de avaliación deste módulo responde a modalidade ordinaria coa característica de ser continua, toda vez que precisa a asimilación total de conceptos e metodoloxías expostas en cada unidade temática de cara as posteriores , no sentido de que as unidades temáticas posteriores precisan do dominio das anteriores para a súa comprensión e resolución.

A cualificación realizarase :

En termos xerais.

-- Tomando como referencia os obxetivos expresados en Resultados de Aprendizaxe, os Criterios de Avaliación do módulo e os Obxetivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais. Se a nota fose un numero enteiro mais cinco décimas a nota sería o número enteiro menor. Non se aplicará o redondeo o numero enteiro superior se o alumno non acada a nota mínima dun cinco.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.

A calificación farase en base a dúas avaliacións , seguindo o principio de avaliación continua, en virtude do cal , en cada avaliación poderanse incorporar os contidos das precedentes.

En termos específicos :

No perfil deste módulo e importante a determinación da nota de forma que se pondere tanto os coñecementos adquiridos como a resposta

nos traballos e exercicios plantexados. Por este motivo para superar positivamente o módulo profesional aplicaránse os seguintes criterios de cualificación que se poden clasificar en dúas categorías : actitudinais e cognitivas

A----ACTITUDINAIS: cun porcentaxe de ata un 20% que mide as actitudes e valores ( que se valorarán baseándose nas Táboas de Obsevação e Listas de Cotexoas as que fai referencia cada unidade didáctica) e que se podería desglosar en :

- Calidade de traballos e informes
- Claridade das exposicións
- Interese e participación nas actividades
- Criterios e actitude coa a que se enfrenta o traballo
- Coordinación dos alumnos no grupo
- Presentación puntual dos traballos
- Tarefas desenvolvidas de forma persoal na casa ou na aula, exercizos, cuestionarios, casos prácticos .
- Participación voluntaria do alumno,
- Realización de preguntas en clase etc..

B--- COGNOSCITIVOS: O longo de cada trimestre , o profesor poderá propor cantas probas escritas ou orais considere oportunas . O promedio destas suporá ata o 80% da avaliación.

A Nota de Avaliación será ( N.A. ) .  $N.A. = 0,2A + 0,8B$ .

Considerase que a avaliación e positiva sempre que a cualificación sexa igual ou superior a cinco.. A nota final será a media aritmética da nota obtida en cada unha das avaliacións calificadas positivamente.

Na proba extraordinaria que se celebrará para os módulos pendentes do curso anterior soamente se terá en conta a cualificación do exercizo.

Nas probas escritas faráselle constar a valoración de cada unha das preguntas que se plantexen e que poderán consistir en cuestións teóricas e prácticas . As tóricas forzarán a expresión escrita e o exercizo intelectual que suporá a expresión dun concepto. Se referenciarán os contidos de cada unidade didáctica. Os de carácter práctico suporá materializar en supostos reais os conceptos legais que se impartan na unidade didáctica en cuestión..

Os alumnos que na realización dalgunha proba sexa sorprendido con medios non permitidos , serálle retirada e ,acto seguido ,será convocado para unha proba oral de contidos similares.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno que en algunha avaliación non obtivera unha calificación igual ou superior a 5 deberá someterse a unha proba obxetiva escrita mix na fecha convida.

Deberá repasar a materia impartida segundo o indicado polo profesor .De ser o caso ,tamén pódese aconsellar realizar esquemas e realizar traballos.

E imprescindible acadar, a lo menos, un 5 en cada avaliación para considerar superado o módulo .

Antes da entrega das notas finais ,faráselle, de novo, outra proba obxetiva coa finalidade de recuperar as avaliacións non superadas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao alumnado con perda do dereito a avaliación continua faráselle unha proba obxetiva que consistirá en resolver cuestións de tipo teórico e práctico , cuxa valoración constará no exame que se lle entregará . A proba terá lugar na fecha sinalada pola normativa. Serán convocados coa antelación suficiente a través do taboleiro de anuncios do centro. A materia será a correspondente o curriculum oficial e desenrolada nesta programación. O aprobado situarase nun 5. Os criterios de cualificación son os establecidos no apartado 5 desta programación , asi como os mínimos esixibles para superar con éxito o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Períodicamente a profesora responsable desta programación fará un seguimento da mesma para verificar a consecución dos obxetivos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A profesora responsable fará , o inicio do curso académico, unha avaliación para constatar o nivel académico co que acceden e circunstancias que poidan influir no seu rendemento académico. Ademais reunirse co equipo de avaliación para chegar a conclusións o mais aproximadas posibles.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Indicaráselle o alumno en cuestión as mellores medidas que o poidan reforzar e deste modo chegar a superar o módulo. Poden consistir en repasar, esquematizar, resolver cuestións...etc.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Fomentaránse valores como a igualdade, responsabilidade, esforzo, puntualidade, respecto, respecto as diferencias, liberdade...etc . Itentarase promover unha educación para a paz, para a saúde e calidade de vida e de respecto o medioambiente. Respeto da educación para a saúde e calidade de vida farase especial fincapé na saúde no traballo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Estudiarase a posibilidade de traer un experto en creación de empresas.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Exposición da programación

A programación quedará exposta a disposición dos alumnos na conserxería do centro